

ANEXO: Solicitud de participación na convocatoria de recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros da USC 2021

Centro proponente: Facultade de Medicina e Odontoloxía

Denominación da práctica: “*Proba de avaliación de competencias clínicas obxectiva e estruturada-ACOE para o Grao en Medicina*”

Datas de desenvolvemento da práctica:

- Curso 2012-2013: experiencia piloto dunha ACOE experimental.
- Curso 2013-2014, 2014-15, 2015-16: planificación de grupos de traballo de ACOE; cursos formativos para PDI en avaliación de competencias clínicas; cursos formativos e obradoiros para coordinadores (rolda, estación, loxística), avaliadores, e actores; compoñentes estruturais e competencias da proba; planificación loxística (planos de infraestructuras, roldas e estacións; recursos e humanos e materiais); planificación da ACOE para grupo grande de estudantes (≥ 300);
- Curso 2016-17: Elaboración dun documento Guía da ACOE; organigrama de organización e xestión da ACOE; rexistro de avaliadores e colaboradores participantes na proba. Aplicación da ACOE en 381 estudantes. Recollida e análise de resultados a través de software.
- Curso 2017-18: Creación e aprobación da Comisión Académica do TFG-ACOE; acreditación da proba ACOE da Facultade de Medicina da USC por parte da Conferencia Nacional de Decanos de Facultades de Medicina de España (CNDFME).
- Curso 2018-19: Inclusión da web da Facultade de folletos informativos e fluxo de estacións da ACOE.
- Curso 2019-20: Por mor da pandemia COVID-19, adaptación da ACOE as circunstancias epidémicas do momento desenvolvéndose de xeito telemático, de conformidade coas directrices da CNDFME. Empregouse a plataforma do campus virtual da USC.
- Curso 2020-21: A través da plataforma virtual, un total de 375 alumnos de Medicina da USC (2.829 estudantes en toda España) examináronse simultaneamente e de xeito presencial nas aulas dos edificios de Medicina e Odontoloxía.

Breve descrición da práctica:

A ACOE da Facultade de Medicina da USC axústase ás directrices marcadas pola CNDFME, co fin de garantir a súa uniformidade en todasas Facultades, contando dende 2018 coa acreditación oficial da mencionada CNDFME.

O obxectivo da proba é medir de forma obxectiva e estruturada as competencias clínicas adquiridas polo estudiantado do Grao en Medicina, referidas a: Anamnese (20%), Exploración Física (15%), Habilidades Técnicas (10%), Comunicación Médico-Paciente (15%), Xuízo Clínico (20%), Prevención (10%), Relacións Interprofesionais (5%), Aspectos Éticos e Legais e Profesionalismo (5%). Para isto, realízase unha observación e rexistro da forma de afrontar e manexar por parte do alumno unha serie de situacións clínicas simuladas que se levan a cabo nuns lugares físicos que denominamos estacións. En cada estación se valora un grupo de compoñentes competenciais cuns instrumentos específicos (pacientes estandarizados e simulados, manequís, pictogramas clínicos, informes).

A proba ACOE estruturase en roldas de vinte estacións de dez minutos de duración cada unha, cos seguintes contidos: seis estacións de medicina, cinco de cirurxía, un de xinecoloxía, un de ORL, un de oftalmoloxía, un de radioloxía, dous de psiquiatría, dous de pediatría, e un de RCP. Para poder ser administrada de xeito eficaz a \geq 360 estudantes, organízase en tres sesións no mesmo día, con seis-sete roldas simultáneas de vinte estacións por sesión. O desenvolvemento da proba supón unha axeitada planificación das infraestructuras (edificio de Consultas Externas do Hospital Clínico, cedidas polo SERGAS), dun capital humano que implica a 800 persoas (PDI, colaboradores, actores, PAS, e estudantes) e da loxística complementaria. (transporte do material, cátering, planos das roldas e das estacións).

A entrada de cada estación o alumnado encontra unha folia de instrución onde se especifican os datos necesarios e as tarefas a realizar.

Breve avaliación da eficacia da práctica:

A eficacia da práctica propostaponse de manifesto nos seguintes indicadores:

1. O deseño e o desenvolvemento da proba foi obxecto de accións de mellora incluídas no Plan de melloras do Centro. A ACOE da Facultade de Medicina da USC cumpre os estándares de calidade establecidos na CNDFME, e dende a súa acreditación en 2018, pode ser empregada con validez académica.
2. O deseño é replicable e pódese administrar a un grupo grande de estudantes nun único día tal e como consta nas correspondentes actas de Xunta de Facultade.
3. No curso 2018-19 defendeuse un TFG do Grao de Medicina que acadou a matrícula de honra, e que recolle toda a experiencia de deseño e planificación lóxística. A estrutura, contido e desenvolvemento da proba figura actualizada na páxina web do Centro.
4. A análise dos resultados da ACOE amosa que a puntuación media é de 7,32 puntos (sobre un máximo de 10), obtendo un 90% dos alumnos puntuacións entre 6 e 9 puntos. A mediana situouse en torno aos 7 puntos. Todas as estacións superaron os 5 puntos como valor medio, estando o rango entre os 5,69 e os 9,09 puntos. En canto a distribución de resultados, dependendo da sesión, non se observaron diferenzas significativas entre as tres sesións realizadas analizando os datos globais de todas as estacións. En ningún caso, as diferenzas entre as sesións con mellores e peores resultados, foron superiores ao 7%.
5. A ACOE desenvolveuse de xeito ininterrompido en cada curso académico dende a súa implantación. Durante a pandemia por Covid-19, adaptouse a proba para o seu desenvolvemento a través das ferramentas do campus virtual da USC.
5. A experiencia da ACOE 2020-21 de casos clínicos computarizados simulados (ACOE-CCS) permitiu integrar a avaliación simultánea en 16 Facultades de Medicina de España e podería semellarse ao Step 3 CCS da United States Medical Licensing Examination (Revista Clínica Española 221 (2021) 456-463).